

I Congreso de Escritores en Lingua Galega

## Tres xornadas de reflexión sobre o feito literario galego

Mais dun cento de escritores reuniránse os próximos días 2, 3 e 4 no mosteiro de Poio, perto de Pontevedra, no Primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega. A organización está a cargo da Asociación de Escritores Galegos, recentemente constituída, e é a primeira experiencia deste tipo que se celebra. Os escritores estudarán durante esos tres días, las, distintos aspectos da súa actividade e profesión, problemas da literatura, espallamento do labor literario, meios de comunicación, relacións entre o escritor e a sociedade, o ensino, as institucións públicas, etc.

Está prevista a participación de representacións de outras literaturas. Entre os invitados portugueses, contase coa presencia de Manuel Ferreira, Claudio Murilo (director da Casa do Brasil en Madrid), e mais Nélida Piñón, representan as letras brasileiras. Por Euskadi ven J.L. Alvarez Esperanza (Txillardegi), membro da academia vasca. Manuel Scorza, outro dos invitados que despertan especial atención, falará o día 3 sobre «Literatura, primer territorio libre de América Latina». Son varias as asociacións de escritores que se puxeron en contacto cos galegos pra informárense e interesárense polo Congreso, entre elas as portuguesas, francesas e de Cabo Verde.

### PONENCIAS E DEBATES

O Primeiro Congreso de Escritores de Lingua Galega inaugúrase as 11 da mañá do próximo día 2, cun informe da dirección da Asociación de Escritores Galegos e a intervención de Rafael Dieste e mais Ricardo Carballo Calero, ámbolos dosos socios de honor da devandita sociedade. As ponencias dese dia estarán a cargo de Basilio Losada (Narrativa galega actual), Pilar García Negro (O idioma galego e a literatura no ensino), X.L. Méndez Ferrín (Dos escritores galegos), Camilo Valdeorras (Subdesenrollo e porvir da literatura galega), Pilar Vázquez Cuesta (Sobre os problemas da proxección exterior da literatura galega), e mais X. Ignacio Taibo. Nélida Piñón pronunciará, ó remate da xornada, unha conferencia-coloquio sobre das letras brasileiras.

Na xornada do dia 3, está prevista a intervención dos escritores Víctor Vaqueiro, Miguel Anxo Murado, Xosé Ramón Pena e mais un membro ainda non concretado do


Instituto da Lingua Galega. O título xeral desta segunda xornada de traballo é «O escritor e a lingua». Tamén intervirá o grupo de comunicación poética Rompente e Manuel Cuña Novás. Pola tarde, Víctor F. Freixanes e mais Margarita Ledo, leerán dúas ponencias sobre o idioma e os meios de comunicación de masas. Pechará a xornada a conferencia de Manuel Scorza.

O tema principal da terceira xornada do Congreso, é o teatro. Varios grupos teatrais galegos darán a coñecer as súas posturas sobre do feito teatral e literario no noso país. Constantino Rábade falará sobre «A literatura galega ante o desencanto». Carlos Xixirei e mais Xoán Xosé Santamaría Conde, intervirán tamén nesta terceira xornada con ponencias sobre «A literatura galega en América» e «Os estudos económicos en lingua galega», respectivamente. Pechará esta sesión a intervención dos representantes portugueses.

### PROBLEMAS E ESPERANZAS

O presupuesto económico deste Primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega, é alto, e ainda non está definitivamente concretado. Non se desbota a posibilidade por parte dos organizadores de publicar despois as ponencias, intervencións e debates dos asistentes, polo que cada ponente deberá presentar os textos mecanografiados. «Houbo moitos problemas pra botar pra adiante esta experiencia —decían Alfonso Pexegueiro, responsable da organización e secretario da Asociación de Escritores—. Compre ter en conta que é o primeiro congreso destas características que se celebra.

Nun primeiro momento seica parécian pechadas tódalas billas económicas e case non había axudas.



Agora hai unha promesa da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, en apoio económico de 250 mil pesetas por parte do Ministerio de Cultura e algunas entidades mais aseguraron a súa colaboración. Os carteis e pegatinas do Congreso foron diseñadas por Antón Patiño. Dada a

transcendencia destas primeiras xornadas que permiten unha flexión común sobre o feito literario dos nosos escritores, HOJA DEL LUNES ofrecerá os seus lectores unha información completa das ponencias e debates de Poio na próxima semana.